

CIRCULAR 71-2026

XXV CTO. XUNTA DE GALICIA DE 10.000 ABSOLUTO, SUB 23 E MÁSTER E DE 5.000 SUB 18 E SUB 20 - VI MEMORIAL ALEJANDRO GÓMEZ

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 5 de abril en Cervo (Lugo), os Campionatos Xunta de Galicia de 10.000 e 5.000, Memorial Alejandro Gómez.

- Realizaranse, conxuntamente, os Ctos. de Asturias das modalidades.

Art.2).- Poderán intervir atletas con licenza en vigor, realizándose a admisión segundo as marcas indicadas na inscrición.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata o luns 30 de marzo ás 23:45 horas.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026 nas probas de 10.000, 5.000 e 3.000 en pista, e de 10km e 5km en ruta homologadas.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 1 de abril e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
11:10	11:20	11:25	11:30	5.000 Mulleres	12:30
11:35	11:45	11:50	11:55	5.000 Homes Sub 20	13:00
12:00	12:10	12:15	12:20	5.000 Homes Sub 18	13:15
16:10	16:20	16:25	16:30	10.000 Mulleres + Homes C	18:00
17:10	17:20	17:25	17:30	10.000 Homes - Final B	19:30
18:00	18:10	18:15	18:20	10.000 Homes - Final A	



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.8).- Entrega de premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 09 de marzo do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo